

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Corrección de erros.—Orde do 26 de febreiro de 1992 pola que se establece a ordenación dos establecementos de turismo rural.

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 71, do 13 de abril de 1992, procede face-la oportuna corrección.

Na páxina 3.237, no artigo 12º, punto 2, na última frase, onde di: «..., así como fotocopias da edificación...», debe dicir: «..., así como fotografías da edificación...».

Faise conveniente unificar nunha única normativa o establecido sobre o tema en ambas disposicións, intimamente conectadas, á vez que se aproveita para incorporar modificacións no proceso de adxudicación das vivendas, xurdidas tanto da experiencia das propias comisións provinciais de vivenda como dos Concellos e colectivos veciñais. Hai que destacar neste sentido a importante novidade que supón a creación dun sistema alternativo de selección de beneficiarios das vivendas nos concellos de maior demanda, que busca tanto a rapidez como a concentración e actuación selectiva dos mecanismos de control e inspección tendentes a evitala fraude na solicitude de vivendas públicas.

En canto ó baremo, cabe destaca-la puntuación adicional que se introduce para as familias de tres ou máis fillos, o que se inscribe dentro da política do goberno de acadar unha composición demográfica equilibrada e como medida ou factor corrector do incremento progresivo da proporción de persoas de máis de 65 anos que se ven operando nestes últimos tempos na nosa Comunidade Autónoma.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintecis de marzo de mil novecentos noventa e dous.

DISPOÑO:

Artigo 1º —Presuposto protexible das obras de construción.

O presuposto protexible das obras de construción de vivendas de protección oficial de promoción pública promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) poderá alcanzar ata o 100% do módulo ponderado aplicable á área xeográfica onde se vaian construí-las vivendas, vixente no momento en que se acorde a apertura do procedemento de contratación das obras, por cada metro cadrado de superficie útil das vivendas que se van construír; a dita porcentaxe será de ata o 60% para os metros cadrados útiles de rochos, garaxes vinculados e locais comerciais.

No caso das vivendas unifamiliares o dito presuposto poderá incrementarse ata un 10%.

O dito presuposto inclúe o custo do solo e das obras de urbanización cos límites fixados na normativa de aplicación.

Artigo 2º —Estudios económicos e prezos de venda.

1.—Os estudos económicos das vivendas de protección oficial de promoción pública promovidas polo IGVS serán elaborados con base no 100% do módulo aplicable a cada metro cadrado de superficie útil das vivendas vixente no momento de adxudicación definitiva do grupo, efectuada pola comisión provincial da vivenda, segundo a área xeográfica. Nas vivendas unifamiliares a dita base será do 110%.

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Decreto 98/1992, do 26 de marzo, polo que se regula o financiamento e a adxudicación de vivendas de promoción pública.

O Decreto 390/1990, do 21 de xullo, introduciu importantes modificacións na adxudicación de vivendas de promoción pública que, en xeral, se mostraron moi positivas na práctica xurdida da súa aplicación.

Non obstante, a aprobación do Decreto 438/1990, do 6 de setembro, introduciu unha novidade fundamental en canto á adxudicación das vivendas de promoción pública, pois regulou o seu prezo de venda e renda de acordo coa capacidade económica dos destinatarios e non, como foi sempre na vivenda social, co custo ou valor da construción.

2.—Os prezos de venda das vivendas sinaladas no parágrafo anterior serán os seguintes:

a) Para os adxudicatarios con ingresos familiares ponderados superiores a dúas veces o salario mínimo interprofesional (SMI) e non superiores a 2,5 veces este: o 70% do valor da vivenda segundo o estudio económico. De existiren rochos e garaxes vinculados o prezo deles será, respectivamente, o 2% e o 8% do valor da vivenda correspondente.

b) Para os adxudicatarios con ingresos familiares ponderados superiores a 1,5 veces o SMI e non superiores a dúas veces este: o 60% do valor da vivenda segundo o estudio económico. De existiren rochos e garaxes vinculados, o prezo deles será, respectivamente, o 2% e o 8% do valor da vivenda correspondente.

c) Para os adxudicatarios con ingresos familiares ponderados superiores a 0,7 veces o SMI e non superiores a 1,5 veces este: o 50% do valor da vivenda segundo o estudio económico. De existiren rochos e garaxes vinculados, o prezo destes será, respectivamente, o 2 e o 8% do valor da vivenda correspondente.

Artigo 3º —Pagamento do prezo de venda.

1.—As vivendas a que se refiren os dous artigos anteriores venderanse aprazando a totalidade do prezo, que producirá un interese anual do 5% e devolverase en 20 anos en cotas mensuais, integrados por capital e intereses, con crecemento do 4% anual.

2.—Cando o IGVS subscriba convenios con entidades financeiras de tal forma que estas financien a construción das vivendas públicas e os adquirentes destas se subroguen no pagamento da débeda e na responsabilidade derivada da existencia da garantía hipotecaria, as condicións en que os adxudicatarios se subroguen non correspondentes préstamos serán as sinaladas no parágrafo primeiro deste artigo, para o cal o IGVS subsidiará os préstamos aboando á entidade financeira a diferenza entre o tipo de interese establecido no convenio respectivo e o 5% sinalado no presente artigo.

Artigo 4º —Renda do alugueiro.

Cando as vivendas de promoción pública se adxudiquen en réxime de alugueiro, a renda inicial anual será a que resulte de aplica-lo 3% ó valor da vivenda e anexos, se é o caso, determinado de acordo co establecido no artigo 2.2 do presente decreto.

Artigo 5º —Valor de venda das vivendas.

1.—Os estudos económicos das vivendas de promoción pública conservarán a súa validez ata que se cumpran cinco anos contados desde a data de calificación definitiva.

Do sexto ó décimo quinto ano, ámbolos dous inclusive, os estudos económicos serán elaborados aplicando do 70 ó 80% do módulo aplicable segundo a área xeográfica establecida na calificación definitiva vixente no momento en que se adxudiquen definitivamente as vivendas.

Do décimo sexto ó trixésimo ano, ámbolos dous inclusive, os estudos económicos serán elaborados aplicando do 60 ó 70% do módulo aplicable segundo a área xeográfica establecida na calificación definitiva vixente no momento en que se adxudiquen definitivamente as vivendas.

2.—O valor das vivendas segundo o estudio económico servirá de base para determina-lo prezo de venda destas segundo os anos transcorridos desde a calificación definitiva, o que se fará aplicando as porcentaxes que establece o artigo 2.2 do presente decreto segundo o nivel de ingresos dos adxudicatarios.

3.—Cando se trate de alleamento en segunda ou posteriores transmisións realizadas por persoas privadas, os prezos de venda máximos das vivendas de protección oficial de promoción pública virán determinados polo 80% do módulo aplicable á área xeográfica sinalada na calificación definitiva, vixente na data de celebración do contrato, cando o alleamento teña lugar do sexto ó décimo quinto ano a partir da calificación definitiva, se o alleamento ten lugar do décimo sexto ó trixésimo ano a porcentaxe será o 70%.

Artigo 6º —Das comisións provinciais de vivenda.

1.—Corresponde ás comisións provinciais de vivenda, como órganos de colaboración e consulta do IGVS, a selección e designación de beneficiarios e a posterior adxudicación das vivendas de promoción pública da Comunidade Autónoma de acordo coas normas e conforme o procedemento establecido neste decreto.

2.—As comisións provinciais de vivenda terán a seguinte composición:

O director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que ostentará o cargo de presidente.

O delegado provincial do IGVS, que ostentará o cargo de vicepresidente, e poderá, en caso de delegación ou ausencia do titular, asumir as funcións do presidente.

O xefe de área provincial do IGVS, que actuará como secretario.

Os seguintes vocais con carácter permanente:

O delegado provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

O delegado provincial da Consellería de Traballo e Servizos Sociais.

O secretario da Delegación Provincial da COTOP.

Un deputado provincial.

Vocais con carácter transitorio.

O alcalde ou un concelleiro do Concello ondes estean as vivendas a adxudicar.

No caso de que existiran outros concellos interesados na adxudicación, por posibilidade de solicitude dos seus residentes, o presidente da comisión poderá incorporar a esta un representante de cada un dos devanditos concellos.

3.—No seo das comisións provinciais de vivenda actuará unha ponencia, constituída por:

O delegado provincial do IGVS, que ostentará a súa presidencia.

O xefe da área provincial do IGVS, que será o vicepresidente.

Vocais con carácter permanente:

O xefe da Unidade Xurídico - Administrativa da delegación provincial do IGVS, que actuará como secretario.

Un funcionario da Delegación Provincial do IGVS nomeado polo delegado provincial.

Vocais con carácter transitorio:

Os representantes municipais, que, se é o caso, teñan que formar parte da comisión provincial de vivenda.

No caso de que existiran outros concellos interesados na adxudicación, por posibilidade de solicitude dos seus residentes, o presidente da comisión poderá acordala incorporación á ponencia, con carácter transitorio, dun representante de cada un dos devanditos concellos.

Artigo 7º —Selección e designación de beneficiarios.

A selección e designación de beneficiarios das vivendas de promoción pública levarase a cabo durante o período de construción, excepto cando as vivendas sexan adquiridas despois de terminadas, cando se trate de segundas ou posteriores ocupacións ou cando as vivendas se transmitan ós concellos de acordo co que determina o artigo 25.

Artigo 8º —Réxime de adxudicación.

O réxime de adxudicación das vivendas de promoción pública poderá ser:

a) En alugueiro.

b) En propiedade.

Artigo 9º —Vivendas para minusválidos.

Do total das vivendas que se vaian adxudicar reservase unha parte para minusválidos na proporción que se establece no artigo 57 da Lei 13/1982, do 7 de abril.

Artigo 10º —Requisitos que deberán reuni-los solicitantes.

Requisitos que deberán reuni-los solicitantes:

I. Poderán solicitar vivendas de promoción pública os titulares de unidades familiares ou suxeitos non integrados en ningunha nos que concorran as seguintes condicións:

1) Acreditar uns ingresos ponderados anuais totais iguais ou inferiores a 2,5 veces o salario mínimo interprofesional.

2) Residir habitualmente ou te-lo posto de traballo no municipio onde se ubiquen as vivendas ou naquel que a comisión provincial de vivenda sinale en cada caso tendo en conta as circunstancias socioeconómicas e urbanísticas de cada área xeográfica.

Para o cumprimento deste requisito deberá acreditarse unha antigüidade mínima de residencia ou traballo de tres anos respecto da data da convocatoria.

3) Carecer de vivenda en calidade de propietario, inquilino ou usufrutuário, ou atoparse nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Residir nunha vivenda con deficientes condicións de habitabilidade.

b) Habitar unha vivenda de superficie insuficiente ou inadecuada pola composición da familia do solicitante.

c) Habitar unha vivenda suxeita a expediente de expropiación ou desafuizamento xudicial ou administrativo non imputable ó interesado, ou ben ocupar aloxamentos provisionais como consecuencia de operacións de emerxencia ou remodelación que impliquen a perda da vivenda, ou en precario cunha antigüidade mínima de dous anos.

d) Habitar unha vivenda a título de inquilino, sempre que a súa renda sexa igual ou superior ó 20% dos ingresos totais da unidade familiar do solicitante.

e) Atoparse en situación de nulidade, separación matrimonial ou divorcio e non dispor de vivenda por estar privado do uso da vivenda familiar en virtude do que dispoñen os artigos 90 e 91 do Código Civil.

II. Non obstante o anterior, non poderán acceder a vivendas de promoción pública os que se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Que xa fosen titulares de vivenda de protección oficial de promoción pública e a alleasen por calquera causa, a excepción dos cambios de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados, a xuízo da comisión.

b) Que non poidan acreditar capacidade económica suficiente para acceder á propiedade ou ó arrendamento da vivenda.

c) Que algún dos membros da unidade familiar dispoña de vivenda principal ou secundaria, agás que nesta concorra algunha das circunstancias sinaladas no apartado 1.3 deste artigo.

d) Que sexan titulares de bens inmoables de natureza rústica ou urbana suxeitos ó imposto sobre bens inmoables que teñan un valor catastral superior a 5 millóns de pesetas.

Artigo 11º —Vivendas para emigrantes.

I. Tamén poderán solicitar vivenda os galegos residentes no estranxeiro que, desexando retornar, ou tendo feito no prazo de un ano inmediatamente anterior á data da convocatoria ou inscrición nas listas previstas na disposición adicional primeira, e atopándose nalgunha das circunstancias comprendidas no apartado 1.3 do artigo 10º, referidas ó ámbito territorial da Comunidade Autónoma, reúnan ademais as seguintes condicións:

1) Acrediten ostenta-la condición de emigrantes, por un tempo non inferior a cinco anos, mediante certificación expedida polo Instituto de Emigración ou a representación diplomática ou consular correspondente.

2) Que os seus ingresos familiares ponderados en cómputo anual non excedan en 2,5 veces o salario mínimo interprofesional vixente en España ou, á súa esrolla, no seu país de residencia.

A existencia e contía do salario mínimo legal ou similar, neste último suposto, acreditarase por certificación da agregadoría laboral correspondente no país onde se obteñan as rendas salariais, e o cálculo do seu contravalor en pesetas obterase, se é o caso, aplicando o primeiro cambio oficial fixado polo Banco de España para o comprador no mercado de divisas no ano seguinte ó que se refiran os ingresos.

II. As solicitudes poderán presentarse, dentro do prazo establecido, ben no Concello onde se sitúen as vivendas, ou ben a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, as cales as remitirán ó Concello de que se trate.

III. Os solicitantes a que se refiren os parágrafos anteriores deberán formular compromiso expreso de ocupar-la vivenda que, se é o caso, lles sexa asignada, no prazo máximo de dous meses contados a partir da entrega das chaves, agás causa xustificada que acreditarán ante a comisión provincial.

IV. Os galegos residentes no estranxeiro retornados e os galegos que por motivos laborais residiran fóra da Comunidade Autónoma durante polo menos os 5 anos anteriores á súa volta, non necesitarán cumprir co requisito de tres anos de antigüidade na residencia ou traballo que sinala o artigo 10.1.2).

Artigo 12º —Adquisición das vivendas dos adxudicatarios polo IGVS.

Os peticionarios que, sendo propietarios da vivenda na que habitan, se atopen nalgunha das circunstancias a que se refiren as alíneas a e b do artigo 10º.1.3, quedarán obrigados, de resultaren adxudicatarios, a poñer ó dispor do Instituto Galego da Vivenda e Solo os referidos inmoables co obxecto de que, se así se coida conveniente, este poida adquirilos, fixándose o seu prezo, en tal suposto, da seguinte forma: —con base no módulo de VPO vixente no dito momento, caso de ser vivendas libres; —no que legalmente proceda para as vivendas de protección oficial de promoción privada; —e reintegro das cantidades satisfeitas en concepto de amortización cando as vivendas foran de promoción pública.

Artigo 13º —Sobre a unidade familiar.

Para os efectos do presente Decreto entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes ou pais, descendentes e ascendentes, en liña recta, por consanguinidade ou afinidade que convivan habitualmente.

Artigo 14º —Condições de habitabilidade para efectos da solicitude.

Para os efectos establecidos no artigo 10º.1.3 estableceranse as seguintes regras:

1. Presúmense condicións de habitabilidade insuficiente as chabolas, covas, casetas e, en xeral, edificios que non teñan un fin propiamente residencial ou se atopen en ruína declarada.

2. Enténdese que unha vivenda ten unha superficie insuficiente para a composición da familia cando a cada ocupante lle corresponden menos de 10 metros cadrados de superficie útil, non computándose para o efecto a correspondente a baños, corredores e tendais.

O límite de superficie útil a que se refire o parágrafo anterior non será esixible no suposto de que convivan na mesma vivenda dúas unidades familiares diferenciadas, e sempre que isto se produza cunha antigüidade mínima de dous anos respecto da data da convocatoria.

Tampouco será de aplicación o dito límite cando a vivenda careza de espazos racionais suficientes para aloxar separadamente as persoas de distinto sexo que compoñan a unidade familiar, con excepción do matrimonio.

3. Enténdese que unha vivenda é inadecuada cando a súa configuración arquitectónica, distribución espacial, emprazamento ou accesos supoñan unha grave minugua da súa funcionalidade para o solicitante ou a súa familia por causa de diminución física.

4. Así mesmo enténdese que carecen de vivenda aqueles solicitantes que se atopen acollidos por familiares ou ocupen cuartos a título de realugamento ou subarrendamento, ou en establecementos de beneficencia ou hospedaxe, cunha antigüidade mínima de dous anos.

Artigo 15º —Presentación de solicitudes.

1.—A Delegación do Instituto Galego da Vivenda e Solo comunicará á comisión provincial de vivenda, unha vez adxudicadas definitivamente as obras ou adquiridas as vivendas, os extremos seguintes:

- a) Número de vivendas e a súa situación.
- b) Tipos de vivenda por superficie aproximada e número de dormitorios de cada unha delas.
- c) Réxime de adxudicación das vivendas da promoción.
- d) Condicións xerais de carácter económico que rexerán a cesión en réxime de arrendamento ou propiedade.

2. Recibida a anterior comunicación, a ponencia sinalará o prazo para a presentación de solicitudes, que non poderá ser superior a tres meses, e comunicará á Delegación Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que o fará público a través dun dos xornais de maior difusión na provincia, así como para a súa exposición nos taboleiros de anuncios da citada delegación e respectivos concellos, e a adopción de calquera outra medida de publicidade que considere conveniente.

3. No caso de rescisión da obra ou de retraso nela por causas xustificadas, a ponencia poderá anula-la correspondente convocatoria.

Artigo 16º —Documentación das solicitudes.

1. As solicitudes deberán presentarse durante o prazo establecido no Concello do termo no cal estean situadas as vivendas, excepto no suposto dos emigrantes, que poderán facelo segundo o establecido no apartado II do artigo 11º deste decreto.

2. As solicitudes formalizaranse en modelo oficial que será aprobado por resolución do presidente do IGVS, e facilitarase nas delegacións provinciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo, concellos interesados na promoción de que se trate e delegacións consulares.

3. Coa solicitude deberán presentarse tódolos documentos que se xulguen necesarios para acreditar as circunstancias que se aleguen, e en todo caso os seguintes:

- a) Para acreditar-los datos persoais e familiares:

—Fotocopia do DNI.

—Fotocopia debidamente compulsada, se é o caso, do libro de familia.

—Certificación municipal de empadramento, con expresión de data de alta no padrón.

—No caso dos galegos residentes no estranxeiro e galegos retornados, certificado de residencia acreditando o establecido no artigo 11.

—Xustificación da diminución psíquica, incapacidade ou enfermidade, no caso de que fose alegada.

—Documentación acreditativa da situación de separación matrimonial.

- b) Para acreditar-los datos económicos:

—Declaración do imposto sobre a renda e patrimonio, se é o caso, correspondente ó último exercicio vencido.

—A acreditación de ingresos das persoas non obrigadas a declarar pola contía destes refírirase ó mesmo período e realizarase da seguinte forma:

Certificacións da facenda de que non constan como declarante no imposto sobre a renda.

Contratos de traballo e copia das declaracións presentadas pola empresa á Facenda Pública nas que se acrediten os respectivos ingresos e á Seguridade Social. Os traballadores autónomos copia da licenza fiscal ou alta no imposto de actividades económicas e das declaracións preceptivas presentadas ante a Facenda Pública e á Seguridade Social.

—Certificado expedido polo organismo oficial correspondente no caso de xubilación, invalidez provisional ou permanente, paro, asistencia social, viuvez, orfandade ou calquera outra situación pola que se perciba prestación periódica.

- c) Para acreditar-las circunstancias de vivenda:

—Fotocopia do contrato de arrendamento ou do contrato de compravenda, segundo o caso.

—Xustificante de carácter de vivenda, acreditando estar en subarrendamento, convivencia con outras familias, acollido nun establecemento de beneficencia, vivenda cedida en precario ou situación semellante.

—Declaración de que ningún membro da unidade familiar foi propietario de vivenda de protección oficial de promoción pública nin dispón de vivenda principal ou de segunda residencia.

—Documentación acreditativa de encontrarse baixo expediente de desafiuzamento, de estar suxeito a expediente de expropiación ou de que lle foi denegada a prórroga do arrendamento.

—Copia do convenio regulador da separación, nulidade ou divorcio ou da sentenza nos que se prive ó solicitante do uso da vivenda familiar.

4.—Os concellos admitirán a trámite as solicitudes formuladas dentro de prazo, axustadas ó modelo oficial e acompañadas da totalidade da documentación precisa. Caso de que a solicitude resultase incorrecta ou se omitise a presentación dalgún documento, outorgarase un prazo de 10 días para corrixi-los erros ou as omisións.

Se, transcorrido ese prazo, a solicitude resultase incorrecta ou incompleta a documentación adxunta, os concellos denegarán a admisión a trámite de tal solicitude e procederán ó seu arquivo.

5.—Excepcionalmente admitiranse a trámite as solicitudes presentadas fóra de prazo e antes da aprobación da lista provisional, cando se desmostre que os feitos que motivan a solicitude se producirán despois de transcorrido o prazo ordinario.

Artigo 17º —Lista provisional.

1.—Unha vez concluído o período de recepción de solicitudes, os concellos elaborarán e aprobarán, no prazo máximo de seis meses, a lista provisional de solicitantes, de acordo coa puntuación obtida pola aplicación dos baremos que se conteñen no anexo desta disposición. A relación incorporará, así mesmo, os solicitantes excluídos e as causas da súa exclusión.

Na lista provisional de adxudicatarios constarán os seguintes datos:

- a) Nome, DNI e domicilio do adxudicatario.
- b) Composición familiar.
- c) Ingresos familiares ponderados.
- d) Puntuación obtida.

2.—Da aprobación da referida lista, que será remitida á ponencia para o seu coñecemento, informarase mediante a publicación do oportuno anuncio nun dos diarios de maior difusión na provincia, e permanecerá exposta no taboleiro de anuncios do respectivo concello por un prazo de quince días computado a partir do seguinte ó da publicación do anuncio antes citado.

3.—As reclamacións presentaranse no concello ante o que se formularon as solicitudes, que as informará e remitirá, no prazo máximo de un mes, á ponencia para a súa resolución e elaboración da lista definitiva. Para tal efecto a ponencia poderá solicitar do Concello cantas documentación integrante do expediente coide necesaria para resolver.

4.—O incumprimento dos prazos establecidos para que os concellos realicen as actuacións contempladas no presente artigo facultará a ponencia para prorrogalos ditos prazos, ou ben reclamar para si as competencias de que se trata.

Artigo 18º —Lista definitiva.

1.—A ponencia, á vista da lista de orde resultante, unha vez resoltas as reclamacións que se formularon, aprobará a lista definitiva de adxudicatarios, tendo en conta a cota de minusválidos.

Caso de producirse igualdade de puntuación terán prioridade os solicitantes que teñan maior número de familiares ó seu cargo e, de producirse un novo empate, os que acrediten menos ingresos familiares. Os empates posteriores que se poidesen producir dirimiranse mediante sorteo.

Na lista definitiva de adxudicatarios constarán os mesmos datos que na lista provisional.

2.—Ó mesmo tempo confeccionarase a lista de espera, integrada polos solicitantes que non foron seleccionados. Esta lista ordenarase con referencia exclusiva á maior ou menor puntuación de cada solicitante.

A lista de espera surtirá efectos tanto para a adxudicación das vivendas en caso de renuncia ou perda da condición de adxudicatario polos inicialmente seleccionados como para a adxudicación de futuras promocións ou de calquera vivenda de promoción pública que quedara vacante no termo municipal correspondente.

A lista de espera terá un período máximo de vixencia de un ano.

3.—Tanto as listas definitivas de adxudicatarios como as listas de espera serán remitidas ós concellos interesados para a súa exposición nos taboleiros de anuncios durante un prazo de quince días, circunstancia que fará pública a ponencia a través dun anuncio nun dos diarios de maior difusión.

4.—A ponencia acordará a exclusión da lista definitiva daqueles solicitantes dos que conste que as necesidades de vivenda xa foron satisfeitas, garantíndose a audiencia dos mesmos.

Artigo 19º —Reclamacións.

Os solicitantes que se consideren prexudicados no seu dereito e que figuren nas listas de adxudicatarios e de espera, e que figurando nas listas previas foron excluídos da lista definitiva, disporán dun prazo de quince días, a partir do inicio da exposición ó público, para a presentación de reclamacións ante a comisión provincial de vivenda, que deberá adopta-la resolución que proceda no prazo de quince días desde a conclusión do período de exposición ó público. O dito acordo esgotará a vía administrativa.

Artigo 20º —Adxudicación das vivendas.

1.—Resoltas as reclamacións presentadas, a comisión provincial de vivenda procederá á adxudicación das vivendas ós interesados, tendo en conta a mellor adecuación das vivendas á composición familiar dos adxudicatarios, con notificación individual daquela.

2.—Tal notificación deberá conter, entre outros, os seguintes datos:

—Tipo de vivenda.

—Superficie útil.

—Réxime de adxudicación.

—Prezo de venda ou renda.

3.—Na mesma notificación advertirase ós interesados que no prazo máximo de un mes teñen que aceptar ou renunciar á adxudicación e que, no caso de aceptar, deberán efectuar dentro do prazo indicado o ingreso dos impostos e gastos que procedan no caso de compravenda ou a constitución da correspondente fianza no caso de arrendamento.

De non contestar, xustifica-lo correspondente ingreso ou renunciar á vivenda, a comisión incluírá entre os adxudicatarios os primeiros da lista de espera.

Artigo 21º —Formalización da adxudicación.

1.—Practicada a recepción provisional das obras e sempre que as vivendas sexan susceptibles de ocupación, as delegacións provinciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo procederán a formalizala adxudicación, outorgando os correspondentes contratos de arrendamento ou de compravenda; estes últimos deberán formalizarse directamente en escritura pública.

2.—O perfeccionamento dos contratos podería quedar expresamente sometido á condición suspensiva de ocupa-las vivendas adxudicadas no prazo de un mes, contado desde a entrega das chaves, agás no caso dos emigrantes, en que o prazo será de doce meses.

3.—O subarrendamento oculto ou manifesto da totalidade ou parte da vivenda adxudicada, así como a súa cesión por parte do adxudicatario, incluso a título non oneroso, poderán considerarse como condicións resolutorias expresas dos contratos, con independencia das responsabilidades a que houbese lugar.

4.—O previsto neste artigo entenderase sen prexuízo da subrogación no crédito hipotecario prevista no artigo 3, parágrafo 2º.

Artigo 22º —Adxudicación de vivendas vacantes.

1.—As vivendas de promoción pública que, cedidas para a súa primeira ocupación conforme o previsto neste decreto, queden vacantes, serán adxudicadas ás persoas que figuren nos primeiros lugares da lista de espera correspondente.

2.—Se a lista de espera no estivese vixente, a comisión provincial de vivenda porá en coñecemento do concello respectivo as vacantes producidas, que serán expostas no taboleiro de anuncios. O Concello publicará esa relación de vacantes nun dos periódicos de maior difusión, abríndose un prazo de cinco días a partir do seguinte ó da súa publicación para que os interesados, dentro do prazo citado, poidan presenta-las solicitudes ante aquel.

Os concellos procederán conforme se establece no parágrafo primeiro do artigo 17º, nun prazo de cinco días remitindo a lista confeccionada á comisión provincial de vivenda.

A ponencia, vistas a lista e a documentación remitida polo Concello, procederá á adxudicación definitiva, que se publicará nun dos diarios de maior difusión e se exporá no taboleiro de anuncios do Concello.

Os solicitantes que se consideren prexudicados no seu dereito disporán dun prazo de cinco días, contados a partir do seguinte ó da publicación da adxudicación definitiva, para presentar reclamacións ante a comisión, que deberá adopta-la resolución que proceda no prazo de dez días. Tal acordo esgota a vía administrativa.

As segundas e posteriores adxudicacións de vivendas de promoción pública que no seu día se efectuaron conforme a outra normativa, rexeranse, unha vez actualizado o seu prezo, polo establecido nos puntos 1 e 2 deste artigo, segundo proceda.

3.—Unha vez formalizada a nova adxudicación e aceptada polo beneficiario, a Delegación Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo procederá a formalizalos correspondentes contratos.

Artigo 23º —Dereito de tanteo e retracto.

Nos contratos de compravenda consignarase expresamente o dereito de tanteo e retracto a favor do Instituto Galego da Vivenda e Solo sobre as vivendas alleadas da seguinte forma:

a) Dereito de tanteo durante o prazo de dez anos, contados desde o outorgamento do contrato, ó prezo previsto no artigo 5º, e que poderá exercerse no prazo de sesenta días naturais, contados desde o seguinte a aquel en que se notifique de forma fidedigna a decisión de vender ou de ceder solutoriamente a vivenda, prezo, condicións esenciais da transmisión e nome, domicilio e circunstancias do que pretenda adquirila vivenda.

Para tal efecto o vendedor obrígase a practicala dita notificación fidedigna.

Os notarios coidarán que se lles acredite debidamente a existencia da dita notificación, denegando, noutro caso, a formalización en escritura pública das transmisións de que se trate.

b) Dereito de retracto por prazo de dez anos, conforme o disposto nos artigos 1.507 e seguintes do Código Civil.

O disposto no presente artigo entenderase sen prexuízo das hipotecas que, se é o caso, se tivesen constituído en garantía do pago do prezo aprazado.

Artigo 24º — Cesión de vivendas ós concellos.

1.—Ata un dez por cento das vivendas de protección oficial de promoción pública propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, poderán ser alleadas ós concellos nos que estean situadas, para destinalas ó arrendamento ou, excepcionalmente, ser obxecto de transmisión. A indicada porcentaxe calcularase sobre cada promoción en concreto, sendo facultade do presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, por instancia dos concellos interesados, acceder ó alleamento previsto no parágrafo anterior.

2.—O alleamento das vivendas ós concellos efectuarase a título de propiedade, conforme as seguintes condicións:

a) O prezo de venda por metro cadrado útil será o 50 por 100 do módulo aplicable vixente no momento do outorgamento da escritura pública de compravenda. No caso de que a vivenda teña rocho e/ou garaxe, o prezo citado incrementarase nun 2% e/ou 8%, respectivamente.

b) As vivendas destinaranse a atender casos de especial necesidade e, preferentemente, a familias con ingresos inferiores ó salario mínimo interprofesional.

c) As vivendas non poderán ser ocupadas antes da formalización da escritura pública de compravenda.

3.—No suposto de que o Concello tivese cedido gratuitamente o solo urbanizado preciso para a promoción de que se trate, o 10 por 100 das vivendas resultantes ou da superficie edificable será de cesión gratuíta a aquel, para seren destinadas á mesma finalidade prevista no apartado 2.b precedente.

Se o solo cedido gratuitamente é sen urbanizar, o Instituto cederá ó Concello o 5 por 100 das vivendas ou da superficie edificable.

Artigo 25º — Penalidade.

A falsidade ou ocultación na aportación de datos poderán dar lugar a que a comisión, logo de audiencia dos interesados, acorde a exclusión dos responsables das listas de adxudicatarios de vivendas de promoción pública por un prazo de 3 a 6 anos, segundo a gravidade daquela.

Artigo 26º — Revisión das adxudicacións.

Corresponde ás comisións provinciais de vivenda a revisión das adxudicacións de vivendas producidas con base en falseamento de datos.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.

1.—En determinados Concellos, especialmente nos da área xeográfica nº 1, a comisión provincial de vivenda poderá establecer un sistema de adxudicación baseado na existencia de listas previas conforme o sinalado a continuación.

A comisión sinalará o prazo de presentación de solicitudes para a confección das listas previas, que nunca poderá ser inferior a un mes; o acordo en tal sentido publicarase durante o prazo de presentación de solicitudes, en dous xornais dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do Concello/s correspondente/s. A presentación dos impresos farase no/s Concello/s acompañada do modelo de instancia e dos documentos acreditativos correspondentes.

2.—Confeccionada a lista previa provisional polo Concello nun prazo non superior a catro meses, publicarase, polo menos, nun xornal dos de maior circulación na provincia e exporase —durante o prazo de un mes— no taboleiro de anuncios do correspondente concello ou concellos, prazo durante o cal calquera interesado poderá formula-las alegacións ou reclamacións que coide convenientes. Estas serán informadas polo Concello e remitidas á ponencia da comisión que resolverá sobre elas e aprobará a lista previa definitiva, que se publicará durante 15 días nos taboleiros de anuncios do Concello e da delegación do IGVS, o que se anunciará na prensa. A decisión da ponencia pon fin á vía administrativa.

3.—A aprobación das listas previas non impedirá que durante a súa vixencia os concellos efectúen toda clase de comprobacións sobre os datos delas, con especial incidencia sobre os que figuren cunha puntuación máis alta. A exclusión será acordada pola ponencia e a reclamación ante ela poñerá fin á vía administrativa.

4.—As listas previas servirán de base á adxudicación dos diversos grupos, aínda que antes da adxudicación poderase esixir de novo ós chamados para a selección de adxudicatarios de cada promoción toda a documentación que lle sirva de base, tanto co obxecto de comproba-los datos subministrados no seu día como adecua-la puntuación ás circunstancias existentes nese momento.

5.—As listas previas terán vixencia, en principio, indefinida, correspondendo á comisión determinar cando perden a súa vixencia, sexa pola elaboración ou aprobación doutras novas, sexa por abandonar este sistema de selección.

6.—En todo caso, tódolos meses de setembro debe-rase presentar no respectivo Concello declaración de se variaron ou non os datos aportados, debendo presentarse en caso de variación a documentación xustificativa (ou a instancia coa documentación en caso de solicitude de inclusión); o non cumprimento desta obriga será causa de exclusión da lista. Excepcionalmente poderase pedi-la inclusión en calquera tempo segundo o disposto no artigo 16.5.

Segunda.

Por proposta dos concellos interesados, a comisión provincial de vivenda poderá acorda-la prorroga do prazo de presentación de solicitudes a que se refire o artigo 15.2 do presente decreto, polo tempo que no propio acordo se determine, se o número de solicitudes presentadas durante o prazo inicialmente sinalado fose inferior ó de vivendas en adxudicación.

Terceira.

O límite de ingresos establecido no artigo 10º.I.1 deste decreto poderá ser elevado, por acordo da comisión provincial da vivenda, ata 3,5 veces o salario mínimo interprofesional naquelas promocións nas que, unha vez rematado o proceso de selección regulado no presente decreto, resultasen vivendas vacantes por falta de solicitantes ou porque estes non reuniran as condicións esixidas para seren adxudicatarios.

Cuarta.

Os prazos e termos establecidos neste decreto, cando se trate de adxudicación de vivendas adquiridas unha vez terminadas, determinaraos en cada caso a comisión provincial de vivenda, sen que entre a iniciación e o final do proceso poidan mediar máis de tres meses.

Quinta.

O presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo, por proposta motivada da comisión provincial de vivenda, por propia iniciativa desta ou a instancia das entidades locais, poderá acordar que as vivendas xa construídas, en construción ou que se vaian iniciar se afecten para satisfacer necesidades específicas ou de colectivos determinados.

En tales supostos non serán de aplicación as normas establecidas con carácter xeral para o acceso e selección dos solicitantes; tales normas serán determinadas no respectivo acordo.

Sexta.

Para efectos do presente decreto entenderanse por ingresos os que se computen co obxecto de determina-la base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A ponderación dos ingresos producirase, se é o caso, multiplicándoos polos seguintes coeficientes de ponderación.

Coeficiente N:

Nº membros da unidade familiar	Coeficiente
dous	0,95
tres	0,90
catro	0,85
cinco.....	0,81
seis.....	0,78

Por cada membro adicional a partir de seis o valor de ponderación reducirase en 0,02.

Coeficiente A:

Unidades que deban os seus ingresos a dous perceptores: 0,95.

Unidades que deban os seus ingresos a tres ou máis perceptores: 0,90.

Só se computarán para efectos deste coeficiente aquelas persoas con ingresos que representen polo menos o 20% da unidade familiar.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira.

O presente decreto será de aplicación ós expedientes de adxudicación de vivendas iniciados a partir do primeiro de xaneiro de 1992, así como a aqueloutros nos que, rematado o proceso de adxudicación, se fíxese uso da facultade a que se refire a disposición adicional terceira.

Segunda.

O disposto no presente decreto en canto a determinación de prezos de venda e renda das vivendas de promoción pública, será de aplicación a tódolos grupos e vivendas dos cales a adxudicación e transmisión se realice despois da entrada en vigor del, agás que as cantidades así resultantes sexan superiores ós importes sinalados nos anuncios públicos de adxudicación das vivendas, e neste caso haberá que aterse a estes.

Terceira.

A comisión provincial de vivenda, nos municipios sinalados na disposición adicional primeira poderá acordar que as listas de espera vixentes pasen a te-la consideración de listas previas; o mesmo poderá acordar respecto das listas previas que resulten de procesos de adxudicación en curso.

DISPOSICIÓN DEROGATORIAS

Quedan derogados o Decreto 390/1990, do 21 de xullo, polo que se regula a adxudicación de vivendas de promoción pública, o Decreto 438/1990, do 5 de setembro, sobre financiamento e adquisición de solo con destino a unidades residenciais integradas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, coa excepción do seu artigo 6º e, en xeral, tódalas normas de igual ou inferior categoría que se opoñan ó disposto nel.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.

Facúltase o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para dictar, no ámbito da súa competencia, as normas necesarias en desenvolvemento e aplicación deste decreto.

Segunda.

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinteseis de marzo de mil novecientos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cuña Crespo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras
Públicas

ANEXO

As solicitudes ordenaranse conforme o seguinte baremo:

I. NECESIDADE DE VIVENDA (1)

a) Habitar unha vivenda con deficientes condicións de habitabilidade:

1. Chabolas, covas, casetas, construcións similares ou edificios en ruína declarada ou non residenciais: 175 puntos.

2. Deficiencias tales que a súa reparación tería un importe do 50% ou máis do valor da vivenda: 150 puntos.

3. Deficiencias tales que a súa reparación tería un importe de máis do 25% e menos do 50% do valor da vivenda: 100 puntos.

O valor da vivenda, para os precedentes efectos, calcularase mediante a seguinte fórmula:

$$0,50 M \times m^2 \text{ útiles (2)}$$

b) Habitar unha vivenda de superficie insuficiente ou inadecuada:

1. Ata cinco metros cadrados útiles por persoa: 150 puntos.

2. De 5,1 a oito metros cadrados útiles por persoa: 100 puntos.

3. De 8 a 10 metros cadrados útiles por persoa: 75 puntos.

4. Insuficiencia por convivencia de dúas unidades familiares diferenciadas: 75 puntos.

5. Insuficiencia por carencia de cuartos abondos para aloxar separadamente os membros da unidade familiar, excepto o matrimonio: 75 puntos.

6. Inadecuación da vivenda que supoña unha grave mingua da súa funcionalidade para o solicitante ou para a súa familiar: 75 puntos.

c) Carecer dunha vivenda en calidade de propietario, de inquilino ou de usufrutuário:

1. Aloxamento en establecementos de beneficencia: 150 puntos.

2. Aloxamento en cuartos realugados ou subarrendados ou en hospedaxe: 100 puntos.

3. Aloxamento en vivenda cedida en preccario: 75 puntos.

Por cada ano que se poida acreditar que se padeceron as circunstancias descritas nas alíneas , b e c: 3 puntos.

d) Solicitud de vivenda por ter pendente ou executado nun prazo non superior a seis meses con anterioridade á solicitude expediente de desafiuzamento xudicial ou administrativo non imputable ó interesado: 150 puntos.

e) Solicitud de vivenda por ter pendente expediente expropiatorio no que se fixou un prezo xusto que non exceda na súa contía do 15 por 100 do prezo da venda dunha vivenda de promoción pública: 125 puntos.

f) Ocupar aloxamentos provisionais como consecuencia dunha operación de remodelación ou doutra emerxencia e que implique perda definitiva da vivenda: 150 puntos.

g) Habitar unha vivenda a título de inquilino, sempre que a súa renda sexa igual ou superior ó 20 por 100 dos ingresos:

Ata o SMI: 125 puntos.

Desde o SMI ata menos de 1,5 do SMI: 100 puntos.

Desde 1,5 ata 2,5 do SMI: 75 puntos.

Desde 2,1 ata 2,5 do SMI: 50 puntos.

h) Carecer de vivenda ou ter perdido o seu uso como consecuencia de separación matrimonial ou medidas provisionais en procesos de nulidade, separación ou divorcio.

Sen fillos ó cargo do solicitante: 50 puntos.

Con fillos ó cargo do solicitante: 150 puntos.

II. COMPOSICIÓN FAMILIAR E CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS

A) Composición familiar:

Número de membros	Puntos
1	10
2	22
3	34
4	46
5	58
6	70
7	82
8	94
9	106
10	118
Por cada membro que exceda de 10	12

B) Circunstancias persoais e familiares: (3).

a) Residir ou te-lo posto de traballo onde se sitúen as vivendas: 50 puntos.

A partir de 3 anos, por cada ano de residencia que acredite no municipio onde se sitúen as vivendas, sen que en ningún caso se poidan computar máis de 10 anos: 2 puntos.

b) Residir nalgún dos municipios sinalados pola comisión provincial de vivenda: 20 puntos.

c) Por cada familiar diminuído psíquico, impedido ou incapacitado permanentemente a cargo do solicitante e que conviva coa unidade familiar: 25 puntos.

d) Por cada ascendente que conviva co cabeza de familia: 2 puntos.

e) Por cada fillo menor de vintecinco anos que conviva co cabeza de familia: 3 puntos.

Caso de seren tres ou máis os fillos, engandiranse 8 puntos por cada un dos fillos.

f) Persoas separadas legalmente ou de feito con familiares ó seu cargo: 25 puntos.

g) Persoas solteiras con familiares ó seu cargo: 25 puntos.

h) Viúvos ou viúvas: 10 puntos.

i) Por cada ano que o solicitante figure na lista de espera: 1 punto.

j) Solicitantes que sexan xubilados ou pensionistas: 10 puntos.

k) Por padece-lo solicitante enfermidades crónicas que supoñan minguas funcionais, que non alcancen a calificación de minusvalidez condicionen a actividade laboral ou que o seu tratamento entrañe un custo igual ou superior ó 10 por cento dos ingresos: 25 puntos.

III. CIRCUNSTANCIAS ECONÓMICAS (4)

Renda.

Ingresos familiares	Puntos
+0,7 - 0,9 o SMI	100
+0,9 - 1,1 o SMI	90
+1,1 - 1,3 o SMI	80
+1,3 - 1,5 o SMI	70
+1,5 - 1,7 o SMI	60
+1,7 - 1,9 o SMI	55
+1,9 - 2,1 o SMI	50
+2,1 - 2,3 o SMI	45
+2,3 - 2,5 o SMI	40

No suposto a que se refire a disposición adicional segunda, a táboa de ingresos familiares que se aplicará será a seguinte:

Renda.

Ingresos familiares	Puntos
+0,7 - 0,9 o SMI	100
+0,9 - 1,1 o SMI	90
+1,1 - 1,3 o SMI	80
+1,3 - 1,5 o SMI	70
+1,5 - 1,7 o SMI	60
+1,7 - 1,9 o SMI	55
+1,9 - 2,1 o SMI	50
+2,1 - 2,3 o SMI	45
+2,3 - 2,5 o SMI	40
+2,5 - 2,7 o SMI	35
+2,7 - 2,9 o SMI	30
+2,9 - 3,1 o SMI	25
+3,1 - 3,3 o SMI	20
+3,3 - 3,5 o SMI	15

NOTAS:

(1) As diferentes situacións descritas nesta alínea non poderán ser acumuladas en ningún caso, polo que o solicitante sinalará unicamente aquela que máis se adecúe ás súas necesidades.

(2) A letra M usada na alínea I.a refírese ó módulo que serve de base para establece-los prezos de venda e de renda das vivendas de protección oficial.

(3) As circunstancias descritas nos puntos c ó k, ámbolos dous inclusive, da alínea II. B, serán acumulables a calquera das dúas circunstancias descritas nos puntos a e b da mesma letra e alínea.

(4) As siglas SMI refírense ó salario mínimo interprofesional.

Consellería de Sanidade

Orde do 20 de abril de 1992 pola que se modifica parcialmente a orde do 10 de xullo de 1987 sobre normas de autorización de centros sanitarios extractores e transplantes de órganos.

A orde do 10 de xullo de 1987 regulou as condicións e requisitos que deberían reuni-los centros sanitarios para solicita-la preceptiva autorización do seu recoñecemento para extracción e transplante de órganos humanos.

A importancia vital que para o seguimento dos pacientes transplantados teñen as determinacións científicas e clínicas que deben realiza-los servicios de anatomía patolóxica, aconsella a súa inclusión dentro dos servicios cos que deben conta-los centros sanitarios que pretendan desenvolver actuacións no campo dos transplantes de órganos humanos,

Na súa virtude, en uso das facultades que me confiren o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Artigo único.—Modifícase o apartado c) do artigo 2º da orde do 10 de xullo de 1987, sobre normas de autorización de centros sanitarios extractores e transplantes de órganos que se redacta do seguinte teor:

«c) Dispoñer de servicios de medicina interna, cirurxía xeral, anestesia, unidades de coidados intensivos, anatomía patolóxica, laboratorios xerais de hematoloxía, bioquímica clínica e microbioloxía, radioloxía e servizo de urxencias.»

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS:

Primeira.—Facúltase o secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade e o director xeral do Servicio Galego de Saúde para que, no seu ámbito de competencias, adopten as medidas necesarias para a execución e desenvolvemento da presente orde.

Segunda.—A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 1992.

José Manuel Romay Beccaría
Conselleiro de Sanidade

II. AUTORIDADES E PERSOAL

Presidencia

Substitucións:

Decreto 99/1992, do 27 de abril, polo que se acorda encargar do despacho de asuntos da presidencia, durante a ausencia do seu titular, ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

Con motivo da viaxe do presidente da Xunta de Galicia a Alemaña cómpre prove-la substitución durante o tempo da súa ausencia.

Polo tanto, en uso das atribucións que me confire o artigo 26.7 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.—Durante a ausencia do presidente da Xunta de Galicia, con motivo da súa viaxe a Alemaña, encárgaselle o despacho de asuntos da presidencia, desde o día vinteito de abril ata o seu regreso, ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública.

Santiago de Compostela, vinteseite de abril de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería de Industria e Comercio

Resolución do 26 de marzo de 1992, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita (Expediente 3.499 A.T.).

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de Barras Eléctricas Galaico - Asturianas, S.A., con domicilio en Lugo, Cidade de Viveiro, 4, en solicitude de autorización para instalar L.M.T., C.T., R.B.T. en Pumar, concello de Castro de Rei, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo 9 do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1.634/1980, artigo 14, e co 2.617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes, resolveu: